

6 *Article*

Unha nova volta ás cartografías da cultura galega: lecturas posnacionais, lecturas relacionais¹

Kirsty Hooper
Warwick University

Keywords

Postnational
Relational reading
Caribbean Cultural Theory
Atlantic

Palabras clave

Posnacional
Lectura relacional
Teoría cultural caribeña
Atlántico

Abstract

In an essay published in the *Anuario de Estudios Literarios Galegos* in 2006, I reflected on the possibilities of the 'postnational' as a point of departure for a theoretical and methodological reassessment of Galician cultural history. The present essay returns to the questions raised in that article from a more critical perspective, exploring the potential for Galician Studies of an alternative model of 'relational readings' inspired by the work of the Caribbean scholars Edouard Glissant and Stuart Hall.

Resumo

Nun ensaio publicado no *Anuario de Estudios Literarios Galegos* en 2006, cavilaba sobre as posibilidades do 'posnacional' como punto de partida para unha revisión teórica e metodolóxica da historia cultural de Galicia. O presente ensaio retorna ás mesmas cuestións, pero desde unha perspectiva máis crítica, explorando a posibilidade para o campo dos estudos galegos dun modelo alternativo de 'lecturas relacionais', inspirado no traballo dos estudosos caribeños, Edouard Glissant e Stuart Hall.

¹

Este artigo parte dunha sección do primeiro capítulo do meu libro *Writing Galicia into the World: New Cartographies, New Poetics* (Liverpool: Liverpool UP, 2011).

*Unha nova volta ás
cartografías da cultura galega:
lecturas posnacionais, lecturas
relacionais*
Kirsty Hooper

²

Gilles Deleuze e Felix Guattari, *Thousand Plateaus*. As traducións das citas do inglés ao galego son miñas.

³

Segundo tamén se pode ler no primeiro capítulo de *Writing Galicia*, o meu punto de partida era a comparación de dous modelos cartográficos para a identidade cultural galega. Examinei dous exemplos literarios, fixándome na xustaposición en cada caso dun mapa, imaxe representativa dun modelo cartográfico da identidade, cun leito de morte como imaxe simbólica do cambio xeracional. En primeiro lugar, a *Carta geométrica de Galicia* de Don Domingo Fontán, que vivía o momento catártico da gran novela otería *Arredor de si*, cando Don Bernaldo, ao morrer, mostra o mapa ao seu sobriño e revélalle a terra que representa. En segundo lugar, o *A-Z*, o ruiro de Londres empregado como modelo por Xesús Fraga na súa epónimo colección de contos, que empeza co encontro do camareiro Mateo co ancián Faustino Cainzas, que estaba a morrer nas aforas de Londres por non saber navegar nin as rúas, nin moito menos a sociedade londinense. Neste traballo xa argumentei que a xustaposición nas dúas obras do mapa e do leito de morte reflectía cómo a transición dunha xeración a outra tamén debía implicar un traslado: unha transformación tanto do noso entendemento do mundo como da nosa localización nel.

“

O mapa está aberto e é conectábel en todas as súas dimensións; é separábel, reversíbel, susceptíbel de modificación constante. Pode ser rachado, invertido, adaptado a calquera tipo de soporte, pode ser revisado por un individuo, por un grupo, ou por unha formación social. Pode ser debuxado nunha parede, concibido como unha obra artística, construído como un acto político ou como unha meditación [...] Un mapa ten múltiples entradas, en comparación co trazado, que sempre volta ‘ao mesmo’.²

Nun artigo publicado no *Anuario de Estudios Literarios Galegos* en 2006, reflexionaba sobre as posibilidades que eu vía no concepto do *posnacional* como modelo crítico para facilitar o desenvolvemento dunha revisión teórica e metodolóxica no ámbito dos estudos galegos. Este concepto dirixíase sobre todo ao proxecto da deconstrución do vencello naturalizado entre nación e cultura, que até o de agora ten alicerzado o principal modelo de resistencia ao centralismo estatal, tanto en Galicia como nas demais nacións do Estado Español.³ Concretamente, neste artigo partía das limitacións identificadas na xa clásica teorización de Xoán González-Millán, na que reflexionaba sobre a mudanza dun *nacionalismo literario* a unha *literatura nacional*. Tendo ben presente o traballo do propio González-Millán (2002: 33), no cal teorizaba que até comezos do século XXI a literatura e cultura galegas foron presa dunha ‘presión nacional’, eu propuña unha nova estratexia de achegamento á historia cultural de Galicia a través dun xogo de prácticas de lectura que dei en denominar ‘lecturas posnacionais’ (2006: 69).⁴ O elemento chave destas prácticas foi facilitar a distinción entre o punto de articulación dun texto e as diversas posicións desde as que se pode practicar a lectura. Tal estratexia, suxería eu, podería achegar un modelo non só para ler os textos contemporáneos escritos desde unha perspectiva abertamente ‘posnacional’, senón para buscar novas aproximacións a textos escritos durante a época de formación da nación. Deste xeito, a lectura en clave ‘nacional’ pode ser matizada por outros discursos diversos, contraditorios e, até o de agora, tamén invisíbeis.

A proposta, formulada, con moita esperanza e non menos temor, deu lugar a unha ampla gama de respostas críticas, a maioría delas abondo xenerosas. Moitas dialogaban co concepto do ‘posnacional’, ben para refinalo e aplicalo a outros contextos, ben para críticoalo ou suxerir paradigmas alternativos. No presente estudo, propóñome cavilar outra volta sobre aquel concepto problemático das *lecturas posnacionais*, á luz das respostas críticas que xerou, co obxectivo de reconsiderar tanto as súas limitacións como as súas posibilidades de aplicación. Sigo coidando o termo ‘lectura posnacional’ problemático, debido á súa función como paraugas dun xogo complexo de prácticas críticas e teóricas. Neste sentido, percibo dúas áreas fundamentais de conflito: en primeiro lugar, a condición semanticamente saturada dos dous elementos que conforman o termo: o ‘pos’ e o ‘nacional.’ No segundo lugar, o feito de que o paraugas cobre dous proxectos distintos, non sempre harmonizables entre si: a incorporación aos estudos galegos de corpos e identidades marcados pola diferenza (ou sexa, os non-universais), e a localización de Galicia e dos estudos galegos nun contexto global. Na primeira parte deste artigo, revisarei as respostas críticas á proposta posnacional e repararei nas implicacións respectivas do ‘pos’ e do ‘nacional.’ Na segunda parte do ensaio, trazo outro modelo complementario de análise cultural,

*Unha nova volta ás
cartografías da cultura galega:
lecturas posnacionais, lecturas
relacionais*
Kirsty Hooper

4

Manteño este termo en galego mesmo nos meus traballos académicos en inglés por dúas razóns: por unha banda, para sinalar que, ao tempo que conecta con modelos interdisciplinarios, é unha estratexia enunciada desde unha posición cultural e lingüística específica; e por outra, porque considero o galego unha lingua tan apropiada para a teoría como o inglés.

que se cadra nos axude a puntualizar (non digo resolver) algúns dos aspectos máis conflictivos do modelo orixinal.

Deconstrución do pos/nacional

Moitas das críticas do artigo orixinal que xurdiron dentro da filloxía galega se centraban nas connotacións semánticas dos termos 'pos' e 'nacional', e por suposto, na combinación de ambos. Porén, e a dicir verdade, 'posnacional' é un termo conflictivo en calquera contexto. O termo foi popularizado por Jürgen Habermas, quen o usara para teorizar a desconexión da cidadanía e a identidade nacional á luz dos movementos masivos de poboación na Europa da posguerra (movementos, por outra banda, nos que a poboación galega participou nunha porcentaxe significativa). Con todo, a categoría ten atinxido unha máis ampla gama de aplicacións en distintos contextos teóricos. No contexto do poscolonialismo, o termo 'posnacional' identifícase co cambio dun marco 'poscolonial nacionalista' a un 'poscolonial transnacional ou posmoderno' (Moraru 1997: 174), que algúns críticos cualifican de 'posnacional' (Gandhi 1998: 124). No contexto ibérico, estudosos como Joseba Gabilondo ou Joan-Ramón Resina manexan o concepto do 'posnacional' (mesmo cando, como no caso de Resina, son escépticos con respecto das súas vantaxes) como base para a) criticar o nacionalismo do estado español; b) teorizar o conflito entre os diversos discursos ibéricos de nación; c) repensar o papel doutras categorías como o xénero sexual, a clase social, a raza, a sexualidade ou a cidadanía, á hora de achegar estratexias alternativas para a articulación de novas identidades políticas e individuais.

Segundo Gabilondo, o factor que impulsa estas discusións é o recoñecemento de que os rápidos cambios políticos e demográficos acontecidos no Estado Español durante os últimos trinta anos requiren 'unha nova teorización da historia de España, na que España nin se afirma nin se nega, senón que se sitúa historicamente ... nas súas novas realidades híbridas, como as dos vascos ou dos inmigrantes' (2009: 251). En termos literarios, Gabilondo considera que calquera intento de reconciliar as múltiples tradicións literarias nacionais dentro do Estado Español vese limitado polo que el chama 'un *exceso nacionalista*', no que 'a estrutura exclusiva e separatista das historias literarias e identidades nacionalistas en España crea un exceso irreconciliábel da identidade nacionalista que ningunha historia da literatura pode abranguer' (énfase da autora). En consecuencia, o estudioso vasco sinala 'a necesidade de teorizar a historia literaria para alén dos principios nacionalistas, segundo unha teoría posnacionalista, que xustifica este exceso en termos non-exclusivos' (2009: 251). Dentro dos estudos hispánicos contemporáneos, por ende, o termo 'posnacional' converteuse nunha ferramenta para os estudos que procuran entender o fracaso do proxecto de creación dunha nación-estado española coherente e unificada no traxecto transcorrido desde a transición á democracia. Por ende, reconezo, seguindo a Gabilondo (2001), que 'posnacional[ismo] é un termo escorregadizo' que se emprega adoito de maneiras distintas, dependendo do contexto e tamén, seguindo a Resina, que 'o termo 'posnacionalismo' é máis evocativo que preciso' (2003: 50). Ademais, María do Cebreiro Rábade Villar ten sinalado o uso acríptico do termo como sinónimo de 'cosmopolita' (2009: 33 n.2).

Dentro dos estudos galegos, téñense xa desenvolvido maneiras moi suxestivas de aplicar o termo 'posnacional', cos seus múltiples usos e significacións. Para estes autores, a práctica das *lecturas posnacionais* non é tanto

unha práctica prescritiva como un marco potenciador dun xogo de discursos que serve, entre outras cousas, para aliviar a ‘presión’ (volvendo a González-Millán) da historia literaria nacional-utilitaria. Para Helena Miguélez-Carballeira:

O gran mérito do desafío posnacional(ista) é que, ao obrigar á comunidade investigadora a se enfrontar a un campo teórico en constante cambio, formula unha cuestión fundamental que atinxe ás nacións e ao nacionalismo, pois examina non só até qué punto o seu discurso pode e chega a ser manipulador, senón tamén de qué xeito o mesmo ten sido manipulado. (2009: 277)

Pola súa banda, José F. Colmeiro considera que a condición fundamental para unha práctica ‘posnacional’ é a transformación no enfoque da narrativa cultural, descentralizando a lingua e a produción literaria galegas, até o de agora as canles privilexiadas no nivel institucional e da identidade cultural, para poder evitar o que el denomina a ‘combinación fatal’ de nación e cultura que se dá nas culturas minorizadas ou nacións sen estado como Galicia (2009: 214).

Esta práctica descentralizadora supón ampliar o enfoque dos estudos galegos, até o de agora dominados polos estudos literarios ou filolóxicos, para considerar tamén os medios audiovisuais (o cine, a música, a televisión ou as artes visuais), caracterizados tanto polo multilingüismo como pola atextualidade, e que por ende ocupan un sitio ben fráxil dentro do marco filolóxico institucional. A descentralización que propón Colmeiro tamén pode aplicarse ao ámbito da identidade, tanto individual como colectiva. Xa argumentei noutro lugar que unha característica importante do nacionalismo cultural esencialista, tanto en Galicia como noutros contextos, é a disolución ou a ocultación da diferenza, sexa esta diferenza lingüística, xenérica, étnica ou sexual (Hooper 2003). Outros estudosos teñen identificado a deconstrución das identidades monolíticas (ben en contextos materiais, ben intanxíbeis) como un campo fértil para os estudos galegos. Miguélez-Carballeira, por exemplo, lémbra-nos a importancia dos valores na construción da historia cultural, que segundo ela achegan ‘unha maneira de entender o sistema literario galego como unha entidade en perpetua transformación... transfigurado por pobos e linguas caracterizados por distintas variables (non unicamente pola lingua galega) e, de xeito máis nidio, por un sistema historicamente fluctuante de valores’ (2009: 280). Deste xeito, Miguélez-Carballeira argumenta que, ao manter a categoría do nacional como árbitro supremo do valor literario, contribuímos a perpetuar os límites ou valores que tradicionalmente representa este termo no caso galego. Pola contra, para ela os sinais de identidade diferencial que xa foron borrados (como o xénero sexual) só se poden recuperar atendendo ás medidas alternativas de valor, como o sentimental (2009: 281-282). Outro exemplo é o traballo de Danny Barreto, que concibe o acto de recuperar os sinais de identidade diferencial en termos do discurso *queer* cando argumenta que ‘pensar a nación como un ‘armario’ (un ‘closet’, en inglés) suxire que esta esconde diferenzas nos seus recunchos máis escuros, que limita identidades alternativas e discursos contestatarios tamén xurdidos dentro dela’ (2011: 5). Para Barreto, xa que logo:

É importante ter presente que o acto de ‘saír da nación’ — con todas as súas connotacións sexuais — non é o equivalente a abandonar ou

desfacerse da identidade nacional, senón que debe entenderse como un acto de *queering* coa nación como obxecto, un acto que faría visíbeis aquelas ideoloxías, prácticas, obras e identidades que anteriormente non foran recoñecidas ou que non resisten formas nidias de categorización (2011: 5).

Ao argumentar que ‘saír da nación’ non equivale ao abandono ou á destrución da entidade nacional, Barreto permite matizar unha das críticas máis contundentes ao concepto do *posnacional*. Pola súa banda, para Miguélez-Carballeira é imprescindíbel distinguir entre ‘o adxectivo ‘posnacional’ [que] fai referencia tanto ao contexto sociopolítico como ao contexto intelectual, no que o concepto de ‘nación clásica’ (por non dicir o concepto mesmo de ‘nación’) xa foi superado’ e o termo ‘posnacionalismo... no que o nacionalismo, entendido como un discurso dun ‘particularismo prexudicial’ xa foi suplantado’ (2009: 70). Miguélez-Carballeira ve grandes posibilidades no primeiro destes conceptos, mentres que recoñece o utopismo, cando non a inxenuidade, do segundo. Ao tratar a relación entre Galicia e a lusofonía, Burghard Baltrusch tamén se amosa receoso perante o emprego acrítico dun termo tan cargado: mentres que recoñece a ‘dobre alienación’ de ‘quen non comparte os valores patriarcais e decimonónicos do discurso nacional’, e por ende a importancia de cuestionar aquel discurso, sinala a importancia non de descartar, senón de ‘volvermos a focalizar o valor do ‘nacional’ para unha cultura galega en contextos globais’ (Baltrusch 2008: 61). Para Baltrusch, o perigo do termo ‘posnacional’ atópase sobre todo en que, segundo argumenta, a cultura nacional aínda non se atopa ‘nunha situación na que poida prescindir dunha ideoloxía nacionalista propia e idiosincrática, tendo en conta a precariedade do seu polisistema cultural’ (Baltrusch 2008: 62).

Concordo con Baltrusch en que na realidade actual de Galicia, con todas as presións externas e (o que é peor) internas, a existencia dunha ‘ideoloxía nacionalista propia e idiosincrática’ é unha condición imprescindíbel para o desenvolvemento nacional. Ao propoñermos unha aproximación ‘posnacional’ (que, segundo nos lembra Miguélez-Carballeira, non é igual que ‘posnacionalista’) aos estudos culturais, é forzoso ter en conta que malia as explicacións detalladas dos matices da nosa posición, o termo en si – tanto o ‘pos’ como o ‘nacional’ – leva consigo unha carga semántica ineludíbel. Até certo punto, estas resonancias reflicten a pegada do modelo teleolóxico no que se basea a conciencia cultural occidental desde hai máis de dous séculos. A forza do modelo teleolóxico tense traducido nun aumento do que James Clifford chama ‘a xerxa meramente reactiva e provisional dos ‘pos’” (1994: 328). En termos estritamente cronolóxicos, a aplicación do termo ‘posnacional’ ao caso galego ten certo sentido, segundo argumenta Colmeiro:

A cultura contemporánea galega redefínese fundamentalmente como unha cultura ‘pos’: en primeiro lugar, como pos-franquista; logo, paradoxalmente, como ‘pos-industrial’ e ‘pos-rural’ (ou *rururbana*); tamén, como poscolonial (profundamente marcada polas experiencias de colonialismo e a migración, mais tamén en loita pola súa propia identidade e supervivencia con respecto ao legado imperialista e centralista do Estado-nación español); e por último, como posnacional e pos-periférica (para alén da nación e mergullada na orde mundial económica e xeopolítica).

*Unha nova volta ás
cartografías da cultura galega:
lecturas posnacionais, lecturas
relacionais*
Kirsty Hooper

5

Até que punto, preguntome, pode o tipo de proxección encarnada no *A-Z* –un mapa cuxa significación é inherentemente interactiva, unha proxección fragmentada e hiperlocalizada onde as coordenadas icónicas e esquecidas comparten o territorio e xorden segundo a cuestión posta por cada usuario–, até que punto pode este tipo de proxección fornecer dunha alternativa funcional á proxección da identidade cultural que supón a *Carta Geométrica* de Domingo Fontán?

A definición de Colmeiro pon de relevo a progresión teleolóxica decote presente na análise cultural, e da que non está exento o meu modelo de *lecturas posnacionais*. Sen embargo, segundo anota Rey Chow, un problema fundamental do prefixo ‘pos-’ é ‘a atracción sedutora que subxace, por suposto, ao seu convite para un aliñamento co poder do capitalismo global, dando ao esquecemento as inxustizas pasadas’ (1998: 156). O perigo disto, segundo advirte a crítica norteamericana, é que ‘a continua lembranza de inxustizas pasadas pode chegar a causar fastío ou semellar innecesaria. No canto de subliñar o termo ‘colonial’ dentro da palabra ‘poscolonial’, a énfase recae no ‘pos’ no sentido estrito de ‘posterior’ e ‘rematado’, e visto que todos os ‘pos’ son considerados do mesmo xeito, o termo ‘poscolonial’ chega a ser considerado como un sinónimo do termo ‘posmoderno’” (1998: 156).

Segundo Chow, o termo ‘poscolonial’ adoecería da mesma presión reduccionista que Rábade Villar advirte no caso do ‘posnacional’, pois no seu uso ‘a palabra non difire esencialmente dos termos ‘cosmopolita’ ou ‘internacional’” (1998: 155). Coa fin de minimizar o risco dun cosmopolitismo reduccionista, faise preciso que a estratexia das *lecturas posnacionais* se articule en todo momento como unha crítica ao esencialismo cultural. Neste contexto, faise imprescindible distinguir entre a nación como entidade construída– sexa cal for o xeito no que a construíamos –e o nacional como discurso. O obxectivo desta cautela é atender á decisiva exhortación de Clifford respecto do termo: ‘non hai culturas nin lugares [posnacionais]: unicamente momentos, tácticas ou discursos’ (1994: 328). Noutras palabras, o controvertido ‘pos’ do ‘posnacional’ galego non se predica (segundo expliquei no artigo anterior) en relación cunha visión apocalíptica da fin da nación galega, senón na procura dun punto de enunciación que nos permita proxectar unha lectura (múltiples lecturas) da historia cultural de Galicia en termos do imaxinado por Deleuze e Guattari, é dicir, como un mapa ‘aberto e conectábel en tódalas súas dimensións... separábel, reversíbel, susceptible de modificación constante’ (2004: 13).

Lecturas relacionais

Na segunda parte deste artigo, propóñome trazar un modelo complementario de análise cultural, que se cadra nos axude a minimizar algúns dos puntos conflictivos do modelo orixinal das *lecturas posnacionais*. Se, como acabo de propoñer, a historia da literatura galega debe ser lida no contexto de múltiples mapas que se cruzan, que están conectados, que son dinámicos e moitas veces inestábeis, esta constatación condúcenos á seguinte pregunta: como artellar unha práctica de lectura semellante? Inspirándome nas teorías poscoloniais arraigadas nos contextos específicos do Atlántico (Gilroy) ou o Caribe (Glissant, Hall), lugares que resoan tamén na historia de Galicia, pretendo trazar unha cartografía xeopoética que permita emprender unha re-lectura da literatura galega. Tal xeopoética respondería á obriga de revisar as suposicións da lóxica cartográfica-cultural tanto metropolitana como nacionalista e institucional, para poder cartografar novos mapas teóricos que revelen a nación como actor nunha serie de procesos de mutación e relación que conectan o individual co local, o nacional, e o global.⁵

Xa temos visto até qué punto o efecto (por non dicir o proxecto) dun modelo monolingüe, teleolóxico –ou, segundo o filósofo martinicán Édouard Glissant, ‘filiacional’ – da historia cultural que domina as historias literarias occidentais, baseado na sucesión de xeracións literarias máis

ou menos homoxéneas, equivale a borrar as voces e os corpos marcados pola diferenza. Para tomar prestada unha metáfora de María do Cebreiro Rábade Villar, tal estratexia, inevitabelmente, non borra (nin moito menos repara) as ‘fendas na palabra-fogar’ (2009: 233), senón que as atenúa, pospoñendo, mais nunca evitando de todo, a súa próxima erupción. Este modelo foi fundamental no paradigma occidental e clásico da análise cultural. Segundo comenta Celia Britton, na súa análise do estudo seminal de Glissant *Poetics of Relation*, ‘a esencia revélase co-implícita con respecto ao universalismo coercitivo occidental. Isto acontece tamén coa noción correlativa de orixe’ (1997: 15). Este é o modelo de análise cultural que Deleuze e Guattari comparan ‘á árbore ou raíz, que determina un punto, fixa unha orde’ (2004: 7), e que Glissant, ao responder á análise dos filósofos franceses, traduce en termos poscoloniais: ‘A maioría das nacións que gañaron a liberdade da colonización tenderon a formarse arredor dunha idea de poder –o impulso totalitario dunha raíz única, singular– máis que arredor dunha relación fundamental co outro’ (1997: 14). Este modelo tamén se repite na historia cultural de Galicia, igual que na das outras nacións ibéricas, onde a sentenza de Glissant de que ‘a raíz é monolingüe’ acada un particular relevo (1997: 15).

No contexto galego se cadra sería prematuro considerarmos –a non ser nun sentido utópico– a seguinte declaración de Glissant: ‘a época dos clasicismos (de profundar unha unidade interna, orientada cara ás dimensións dun universal auto-postulado) xa pasou, sen lugar a dúbidas, para todas as culturas’. Con todo, a obra de Glissant, que aplica a teoría de Deleuze e Guattari ao contexto específico do Caribe, axúdanos a procurar prácticas de lectura que nos faciliten a saída da estrutura filiacional, nacional(ista), dentro da que se ten desenvolvido a historia cultural galega. Concretamente, podería ser de grande axuda transcender o modelo esencialista de análise cultural en favor dunha perspectiva dinámica ou relacional. Para Deleuze e Guattari, tal obxectivo poderíase atinxir re-emprazando o modelo de raíz, que ‘determina un punto e fixa unha orde’ co rizoma, no que segundo eles, ‘cada punto... pode e mesmo debe conectarse con algunha outra cousa’ (2004: 7). De feito, a estrutura rizomática baséase totalmente na conexión: ‘non hai puntos nin posicións nun rizoma... só hai liñas’ (2004: 9). A cuestión que xorde neste contexto é cómo facilitar esa evolución. Neste sentido, resulta fundamental o desenvolvemento que fai Glissant do modelo rizomático para incorporar ‘o recoñecemento de que a identidade xa non está completamente dentro da raíz, senón tamén na Relación’ (1997: 18). Aínda máis importante é a súa constatación de que ‘a Relación... se enuncia dun xeito multilingüe’ (1997: 19). Glissant chama o seu modelo de teoría e práctica cultural, baseado na situación específica do Caribe, ‘unha poética de Relación’ (1997: 26), que se constitúe a partir das liñas do rizoma de Deleuze e Guattari, transformadas pola presenza de corpos humanos nunha ‘rede inscrita dentro da totalidade suficiente do mundo’ (1997: 29).

O obxectivo compartido das estudosas que traballamos nas teorizacións e críticas tanto das estruturas coloniais como das nacionais, así como das súas limitacións e posibilidades, é poder relativizar e re-imaxinar os conceptos estruturais das esenciais culturais universalizantes –e, xa que logo, todo menos universais– baseadas nunha fusión naturalizada de lingua, cultura e territorio. Se Colmeiro busca esta estrutura re-imaxinada nos espazos da práctica cultural, onde ‘forzas aparentemente opostas crean novas realidades híbridas e novas formas de identidade que fan interactuar o vello co novo e o local co global’ (2009: 117), o traballo de Miguélez-Carballeira ou Barreto, igual que o doutros estudosos que traballan no

campo xenérico-sexual, lémbra-nos que debemos atender constantemente aos corpos que ocuparon estes espazos e sobre os que actúan, inevitavelmente, aquelas forzas culturais. Esta dobre perspectiva, a dos espazos e a dos corpos, resulta decisiva para o proxecto que xurdiu no ámbito dos estudos galegos ao longo dos últimos cinco anos. Este proxecto –se aplicamos ao contexto galego o argumento poscolonial de Paul Gilroy– reconece que a énfase perenne nas formas ortodoxas de nacionalismo cultural deixa fóra as identidades e as prácticas xurdidas ‘dos procesos de mutación cultural e de (dis)continuidade infatigábel que exceden o discurso [nacional]’ (1993: 2). No seu desexo de articular un desafío ás formas monolíticas do pensamento que subxacen non só á escritura galega, senón ao concepto occidental de literatura *nacional*, estes estudosos comparten a vontade de buscar un novo vocabulario (ou vocabularios) críticos que reflectan as innovadoras formas de identidade cultural e cívica que xorden a carón do nacional na Galicia de comezos do século XXI.

No que resta deste artigo tentarei explicar máis polo miúdo que pode significar na realidade unha práctica de lectura influída polas teorías de Glissant, Gilroy, Deleuze e Guattari. Para iso, reconsiderarei por unha banda a distinción entre o corpo institucional da Literatura-con-maiúscula ou Historia-con-maiúscula, e por outra, o corpo xeral e inclusivo de textos que estou a cualificar como ‘escritura galega’. O uso dunha dobre perspectiva fundamentada nas prácticas da escritura e da lectura (dúas expresións gramaticalmente ambiguas, pois funcionan ao mesmo tempo como accións continuas e como nomes concretos, en contraste co termo *Literatura*, unicamente substantivo) ten por obxecto abrir un espazo para repensar a nosa interpretación das prácticas culturais galegas. Este marco entronca coa liña xa articulada por Rábade Villar, quen argumentou en relación coas *lecturas posnacionais* que:

Estes novos xeitos de ler a literatura galega inverterían aquel enunciado heideggeriano que facía da palabra o fogar do ser para tentar comprender os proxectos literarios nos que a palabra-fogar amosa todas as súas fendas, de xeito que xa non pode ser predicada como esencia, senón como ruptura (2009: 233).

Se o modelo de teoría e práctica cultural que nos propón Glissant se formula na base da especificidade histórica, xeográfica, cultural e lingüística do Caribe, e o Atlántico Negro de Gilroy se fundamenta nas experiencias históricas da escravitude e da migración forzada, preguntome se este modelo pode reflectir a especificidade de Galicia. Como o Caribe de Glissant, xa hai tempo que Galicia vén funcionando como unha encrucillada, ‘un lugar de encontro e de complicidade, e, ao mesmo tempo, como unha pasaxe cara ao continente americano’ (1997: 33). Os ‘barcos que se moven a través dos espazos que median entre Europa, América, África e o Caribe’ que forman o ‘símbolo central organizador’ e o punto de saída para o Atlántico Negro de Gilroy (1993: 4) son familiares tamén para os galegos, malia o feito de que as forzas que os conducían non fosen o resultado da escravitude, senón da escaseza. Para Glissant, a posición do Caribe ‘achega unha ilustración natural da idea de Relación’ (1997: 34), mentres que o Atlántico Negro de Gilroy ‘achega un medio para reexaminar os problemas da nacionalidade, do lugar, da identidade e da memoria histórica’ (1993: 16).

É verdade que a posición xeográfica de Galicia pon de relevo a imposibilidade histórica de entender a nación e a súa cultura

*Unha nova volta ás
cartografías da cultura galega:
lecturas posnacionais, lecturas
relacionais*
Kirsty Hooper

exclusivamente dentro dos límites, xeográficos ou ideolóxicos, dunha única nación. Como di Baltrusch, ‘adoita haber un certo consenso sobre a importancia de reivindicar unha visión transatlántica e mundializada de Galicia’ (2008: 62). Para este crítico, pódese atopar unha solución na ‘división cultural do real... como unha especie de bisagra entre os espazos hispanófono e lusófono’ (2008: 62). Tamén podemos mirar cara á historia: da banda continental, Galicia era o centro das rutas medievais de peregrinación europea e –nas *Cantigas* galego-portuguesas– dunha das primeiras literaturas transnacionais de Europa. Con todo, separada do resto da Península por montañas e ríos, a súa locación na marxe occidental do continente era tan remota que os romanos a consideraban o fin da *terra cognita*. Da súa banda mariña, unha costa mira cara ao norte, cara aos países celtas (Bretaña, Cornualles, Gales, Irlanda), onde os galegos atoparon unha historia compartida, mentres a outra costa mira cara ao Atlántico e cara a América, destino da Galicia emigrante, grande parte da cal nunca retornou. Hoxe, igual que no período medieval, tras séculos de illamento, Galicia veuse transformando outra vez en destino de emigrantes, esta vez procedentes da Europa oriental e de África

Esta representación lembra moito ao xa establecido modelo transnacional de análise cultural. Para Baltrusch, o modelo transnacional é unha opción teórica máis relevante que a posnacional, sobre todo para encararse aos efectos contemporáneos da longa historia da emigración galega: segundo el, ‘a emigración foi precursora dun proceso de transnacionalización, de tradución da nación cara a unha identidade máis portátil’ (2008: 67). As ‘identidades culturais portátiles’ identificadas co transnacionalismo son o que Baltrusch cualifica como ‘unha das máis poderosas traducións actualizadoras da identidade nacional decimonónica’ (2008: 66). A vantaxe do termo *transnacional* fronte ao termo *posnacional* é a súa colocación nun plano máis espacial ca temporal: ou sexa, que un modelo transnacional non implica a superación do modelo nacional, senón a súa transferencia a outros contextos ou outros lugares. Evidentemente, este é un modelo relevante, por non dicir moi útil, na explicación da historia da Galicia ‘portátil’ que Baltrusch desenvolve botando man da frase de Manuel Rivas. Con todo, o problema dos modelos que buscan declinar o nacional – sexa pos/trans ou intra nacional – é que facilitan o predominio e a naturalización da versión esencialista da nación, polo que non podo evitar volver ao modelo de Glissant, o de Relación.

Propoño, daquela, o modelo de Relación, e a estratexia das *lecturas relacionais* como unha alternativa aos modelos construídos arredor da categoría nacional. O modelo relacional caracterízase pola súa énfase nos corpos que atravesan as liñas –as relacións– que o compoñen; a nación é un elemento na rede relacional, pero a interpretación do corpo abstracto da nación depende da experiencia do corpo físico do ser humano que se atopa suxeito a unha rede complexa de influencias e de autoridades. Este pode ser un xeito de podermos democratizar tanto a teoría como a práctica cultural. O modelo relacional devolve o poder ás marxes e aos intersticios dentro das culturas, as linguas, as nacións, as historias, até cuestionar tamén os conceptos de tempo e de lugar: como di Caren Kaplan, ‘cando un ‘lugar nun mapa’ tamén se ve como un ‘lugar no tempo’, os termos da práctica crítica mudaron xa’ (1996: 25). Ou sexa, que este modelo propón unha xeopoética dinámica, revisando así a idea de historia (Historia) que ten sido o fundamento de tantos estudos culturais e críticos, e que segundo nos lembran Deleuze e Guattari, ‘sempre se escribe desde un punto de vista sedentario’ (2004: 23).

*Unha nova volta ás
cartografías da cultura galega:
lecturas posnacionais, lecturas
relacionais*
Kirsty Hooper

Unha xeopoética relacional, abofé, non pode prescindir das historias, nin da Historia. A cuestión é cómo integrala dun xeito que impida que se convirta no factor dominante do discurso. Neste sentido, o modelo proposto por Stuart Hall para falar da historia complexa do Caribe pódenos resultar útil. Segundo Hall, o modelo 'sedentario' da historia non chega para representar esta historia complicada, porque, escribe, é 'o *posicionamento* que fai posible a significación' (2003: 230, subliñado no orixinal). Este *posicionamento* – forma lingüística que indica moción perpetua, tanto no sentido semántico como no morfolóxico – lévase a cabo á luz do que Hall (seguindo a Cesaire e Senghard) chama 'presenzas'. Hall identifica tres presenzas dominantes no contexto caribeño: 'a presenza africana, a presenza europea e a terceira presenza, a máis ambigua, a presenza americana' (2003: 230). Segundo o crítico británico, a presenza africana é o sitio do represado, 'a presenza tácita, indicíbel na cultura caribeña' (2003: 230). A presenza europea é a que 'interrompe a inocencia do discurso enteiro de 'diferenza' no Caribe ao introducir a cuestión do poder' (2003: 232), e a que cualifica o Caribe de 'outro'. A terceira presenza, a americana ou a do Novo Mundo, 'non é tanto poder como terra, lugar ou territorio... o punto de xuntura onde se atopan moitos tributarios culturais ... a significación da mesma migración' (2003: 234). Como recoñece Hall, reparar nesas tres presenzas dominantes implica 'descartar, polo momento, as moitas outras 'presenzas' que constitúen a identidade caribeña' (2003: 230).

No contexto galego podemos identificar doadamente algunhas das 'presenzas' entre as que se desenvolve o perpetuo *posicionamento* da identidade galega. Entre todas elas predominan dúas cuxa significación está suxeita a constante revisión e conflito: a presenza castelá e a presenza lusófona. Tamén poderíamos sinalar presenzas como a celta, a americana, e cada vez máis a europea, esta última moi distinta daquela que condicionou tanto o desenvolvemento do Caribe colonial. Como funcionarían neste contexto as *lecturas relacionais* ou *rizomáticas* de textos ou posicións galegos? En cada caso, o traballo implicaría captar instantaneamente a rede de relación na que opera o suxeito que queremos ler, sexa este un texto, un discurso, un concepto, unha vida, un momento, para logo trazar as liñas de relación que constitúen o seu proceso de *posicionamento*. En cada un dos casos, a relación entre o suxeito e as presenzas, a rede que tecen entre si, así como os carreiros xa camiñados ou prohibidos, lembrados, esquecidos ou borrados. Todos estes elementos xúntanse para crear un rico tapiz de significación.

As pegadas das presenzas, materiais ou intanxíbeis, e as relacións entre elas atópanse en moitos lugares e en moitas dimensións, e o acto de recuperalas implica a práctica dunha lectura relacional. Podemos atopar exemplos na dimensión lingüística, como nos mostra Rábade Villar (2009) na súa maxistral lectura das pegadas lingüísticas das 'presenzas' que aparecen na obra de Rosalía de Castro, ou Baltrusch ao identificar o modelo da tradución como unha maneira de entender a relación entre Galicia e os mundos lusófono e hispanófono. Unha lectura relacional pode traernos unha nova perspectiva sobre a última colección de poemas de Manuel Rivas *A desaparición da neve* (2009), publicada nas catro linguas oficiais do Estado Español, ao animarnos a cavilar en como ler non só dentro de cada lingua, senón entre, a través e arredor das relacións entre elas. Dúas presenzas dominan os poemas de Rivas neste volume: a presenza do Estado Español, que controla as posibilidades de contacto entre as catro culturas nacionais e contra cuxos límites se concibe esta colección, e a presenza da Terra –de Gaia–, o corpo ferido sobre o que se trazan as cicatrices da historia e

*Unha nova volta ás
cartografías da cultura galega:
lecturas posnacionais, lecturas
relacionais*
Kirsty Hooper

6

Para unha lectura máis
detallada deste texto cuatrilingüe,
véxase Hooper (2012).

7

Para unha lectura máis
detallada desta canción e as súas
relación culturais, véxase Hooper
(2009).

se relacionan entre si as palabras dos poemas.⁶ Outro exemplo: a dimensión dixital, cada día máis grande e máis complexa, na que os textos, as súas trazas e as relacións entre eles se perpetúan, creando relacións espectrais entre as voces do pasado e do presente. Pensemos, por exemplo, na canción de Julio Iglesias ‘Un canto a Galicia’ (1970), cuxa significación se produce no *posicionamento* dunha constelación de múltiples presenzas: a emigración histórica a América, a emigración tardo-franquista a Europa, o mercado controlado polo capital global, o control cultural do Estado Español (que se ve claramente no vídeo orixinal), ou a visión exterior de Galicia (que se percibe manifestamente na versión francesa da canción). Agora, a presenza da canción en YouTube abre o ‘texto’ orixinal (sexa na dimensión da *performance*, a letra, a música, o vídeo) a unha complexa constelación de redes relacionais constituídas polas experiencias dos múltiples visitantes que deixan os seus comentarios, cada un cambiando lixeiramente o *posicionamento* do texto.⁷

Para concluír, daquela, o proxecto ao que agora nos enfrontamos consiste en forxar prácticas de lectura que tomen en conta os múltiples *posicionamentos* que inflúen no acto de ler, sexan estas lecturas *posnacionais*, *transnacionais*, *intranacionais*, *relacionais*, *rizomáticas* ou sinxelamente en clave nacional. As diferentes redes dentro das que operan textos e subxectividades individuais e as *presenzas* que os condicionan fan da negociación entre os múltiples contextos dentro dos que se pode ler un texto individual un acto de destreza. Por iso, é importante practicar lecturas, buscar xeitos de ler, que, sen suxeitárense aos modelos dominantes, saiban recoñecer tanto o seu poder imperecedoiro como as súas implicacións pragmáticas. En último termo, o traballo consiste en repensarmos as *presenzas*, as *Historias*, as *Literaturas* para poder chegar máis aló dos límites auto-impostos. Deste xeito, poderemos procurar lecturas que entren en resonancia coa poética de relación que nos propón Glissant, e que debemos celebrar por seren ‘provocadas non só pola definición das nosas identidades, senón tamén pola súa relación con todas as identidades posibles – as mutuas mutacións xeradas pola interacción de relacións’ (1997: 89).



Obras citadas

BALTRUSCH, Burghard, 2008. 'Tradución e nación. Galicia entre a lusofonía e o posnacionalismo', *Grial - Revista Galega de Cultura* 179 (2008): 60–67.

BARRETO, Danny, 2011. 'A promiscuidade sexual, lingüística e rexional da novela galega do século XIX: un estudo d'*A cruz de salgueiro* de Xesús Rodríguez López', *Galicia 21: Journal of Contemporary Galician Studies*, Issue C: 3–18.

CHOW, Rey, 1998. *Ethics after Idealism: Theory-Culture-Ethnicity-Reading* (Bloomington: Indiana University Press).

CLIFFORD, James, 1994. 'Diasporas', *Cultural Anthropology* 93(3): 302–338.

COLMEIRO, José F., 2009. 'Peripheral Visions, Global Positions: Remapping Galician Culture', en Helena Miguélez-Carballeira & Kirsty Hooper, eds., 'Critical Approaches to the Nation in Galician Studies', Special issue of the *Bulletin of Hispanic Studies* 86(2): 213–230.

DELEUZE, Gilles & Félix GUATTARI, 2004. *A Thousand Plateaus: Capitalism and Schizophrenia*, trad. Brian Massumi (London: Continuum International Publishing Group).

GABILONDO, Joseba, 2009. 'Towards a Postnational History of Galician Literature: On Pardo Bazán's Transatlantic and Translational Position', en Helena Miguélez-Carballeira & Kirsty Hooper, eds., 'Critical Approaches to the Nation in Galician Studies.' Special issue of the *Bulletin of Hispanic Studies* 86(2): 249–269.

GANDHI, Leela, 1998. *Postcolonial Theory: A Critical Introduction* (New York: Columbia University Press).

GILROY, Paul, 1993. *The Black Atlantic: Modernity and Double Consciousness* (London: Verso).

GLISSANT, Édouard, 1997. *Poetics of Relation*, trad. Betsy Wing (Ann Arbor: University of Michigan Press).

GONZÁLEZ-MILLÁN, Xoán, 2002. 'Nacionalismo literario y teoría del campo literario: la experiencia gallega de la últimas décadas', en S. Bermúdez, Antonio Cortijo & Timothy McGovern (eds) *From Stateless Nations to Postnational Spain / De naciones sin estado a la España postnacional* (Boulder CO: Society of Spanish and Spanish-American Studies), pp. 223–236

HALL, Stuart, 2003. 'Cultural Identity and Diaspora' en J. Evans Brazeil & Anita Mannur, (eds) *Theorizing Diaspora*, (Malden MA & Oxford: Blackwell), pp. 233–246

HOOPER, Kirsty, 2003. 'Girl, Interrupted: The Distinctive History of Galician Women's Narrative', *Romance Studies* 21(2): 101–114.

*Unha nova volta ás
cartografías da cultura galega:
lecturas posnacionais, lecturas
relacionais*
Kirsty Hooper

HOOPER, Kirsty, 2006. 'Novas cartografías nos estudos galegos. Nacionalismo literario, literatura nacional, lecturas posnacionais', *Anuario de Estudos Literarios Galegos 2005* (2006): 64–73.

HOOPER, Kirsty, 2009. 'The Many Faces of Julio Iglesias: 'Un canto a Galicia', Emigration and the Network Society', *Journal of Spanish Cultural Studies* 10(2): 149–166.

HOOPER, Kirsty, 2011. *Writing Galicia into the World: New Cartographies, New Poetics* (Liverpool: Liverpool University Press).

HOOPER, Kirsty, 2012. 'A desaparición da neve (2009) de Manuel Rivas: ¿hacia una po/ética relacional?', en Sadi Lakhdari (co-ord), *Voces de Galicia: Manuel Rivas y Suso de Toro* (Paris: INDIGO & Côté-femmes), pp. 120-127.

KAPLAN, Caren, 1996. *Questions of Travel: Postmodern Discourses of Displacement* (Durham NC: Duke University Press).

MIGUÉLEZ-CARBALLEIRA, Helena, 2009. 'Alternative Values: From the National to the Sentimental in the Redrawing of Galician Literary History', en Helena Miguélez-Carballeira & Kirsty Hooper, eds., 'Critical Approaches to the Nation in Galician Studies.' Special issue of the *Bulletin of Hispanic Studies* 86(2): 271–292.

MORARU, Christian, 2007. 'Refiguring the Postcolonial: The Transnational Challenges.' *ARIEL* 28(4): 171-185.

RÁBADE VILLAR, María do Cebreiro, 2009. 'Spectres of the Nation: Forms of Resistance to Literary Nationalism', en Helena Miguélez-Carballeira & Kirsty Hooper, eds. 'Critical Approaches to the Nation in Galician Studies.' Special issue of the *Bulletin of Hispanic Studies* 86(2): 231–247.

RESINA, Joan Ramón, 2003. 'The Scale of the Nation in a Shrinking World', *Diacritics* 33(3–4): 46–74.

RIVAS, Manuel, 2009. *A desaparición da neve* (Madrid: Alfaguara).